

## O PORTO

Avda. Galicia, 65

15970, Porto do Son, A Coruña

Teléfono: 981 767 263

Web: [www.oportodoson.es](http://www.oportodoson.es)



## INFORMACIÓN XERAL

Situado nunha área con amplas zonas de paseo horizontais ben comunicada co centro do pobo, xunto ao casco antigo.

### Atención ao público e outra información de interese

- Dentro da carta dispón de pratos vexetarianos e con previo aviso pódense solicitar pratos aptos para celíacos e para diabéticos.
- A carta está redactada con letra pequena, non dispoñen de carta alternativa con textos en maior dimensión, fotos ou braille.
- Non dispoñen de persoal con coñecemento da lingua de signos.
- Permítese o acceso con can guía e/ou asistencia.
- Non dispoñen dun plan de evacuación para persoas con discapacidade.

### Acceso e zona de atención ao público

- Existen amplas zonas de aparcadoiro exterior no entoo. Dispón de varias prazas de aparcadoiro reservadas para PMR.
- Contorna inmediata con beirarrúa de gran dimensión en bo estado. Na comunicación coa zona de aparcadoiro existen bordos sen rebaixe.
- Desnivel de 9cm no acceso desde o exterior.
- Porta interior automática de vidro con ancho de paso de 120cm. A porta dispón de elementos xeométrico e logo que facilitan a súa identificación.
- A barra atópase fronte á porta cun itinerario de acceso amplo e é facilmente identificable.
- A barra dispón dunha soa altura de atención.

## ACCESIBILIDADE FÍSICA

### BAR

#### Localización e itinerario

- O itinerario interior non ten desniveis. O pavimento atópase en bo estado.

#### Características

- Non existes desniveis no interior.
- A anchura mínima do espazo de circulación é maior de 150cm.
- Pavimento homoxéneo en bo estado.
- Barra cunha soa altura a 110cm.
- Asentos móbiles sen respaldo en barra de 70cm de altura.

### SALÓN COMEDOR

#### Localización e itinerario

- Dúas zonas de comedor, unha delas á esquerda da entrada e a outra na zona interior ao lado dereito.

#### **Características**

- Non existen desniveis no interior.
- No acceso ao comedor interior existe un estreitamento de 92cm.
- O pavimento atópase en bo estado. Zonas de paso en formigón puído e zona de mesas en madeira.
- Mesas cadradas, redondas e rectangulares móbiles de pata central. Alto de mesa de 75 cm e alto baixo a mesa de 72cm.

### **ASEO ADAPTADO**

#### **Localización e itinerario**

- Aseos ao final do local comunicados por un amplo corredor.
- Aseos de home e mulleres adaptados.

#### **Entrada ao aseo**

- Ningún dos aseos dispón de sinalización mediante SIA. Tampouco existe sinalización no itinerario.
- Porta batente ao exterior con tirador de difícil manexo.
- Ancho de paso é de 81cm.

#### **Cabina**

- Peche mediante pasador fixo de difícil manipulación.
- A anchura de paso é de 81cm.
- Diámetro viro libre de obstáculos de 151cm.
- Control de iluminación mediante sensor de presenza.
- Carece de sistema de alarma.

#### **Lavabo**

- Situado dentro da cabina, aínda que dispón dun lavabo no exterior, na contorna previa á entrada aos aseos.
- Billa con sensor centrado ao lavabo.
- Altura superior de 85cm, con oco inferior de 74cm de alto.
- Espello fixo con bordo inferior a 126cm de altura.
- Dispón de dispensador de xabón a 95cm e seca mans a 90cm.

#### **Inodoro**

- A aproximación frontal ten unha amplitude de 90cm..
- O aseo masculino dispón dun único espazo de transferencia ao lado dereito, e o feminino dispón de ambos os espazos.
- Barras abatible en ambos os aseos, a unha altura de 74cm, cunha separación entre elas de 67cm.
- A altura de uso do asento, inodoro máis táboa, é de 46cm.
- Mecanismo de descarga de pequena dimensión sobre cisterna. Non se pode activar co cóbado o puño pechado e require un esforzo baixo.

### **ACCESIBILIDADE VISUAL**

#### **BAR**

#### **Localización e itinerarios**

- Situada fronte á zona de acceso, non existen barreiras visuais no percorrido.

#### **Características**

- Porta de acceso de vidro con elementos de sinalización de baixo contraste.
- O establecemento carece de equipamentos específicos para discapacidades visuais.
- A luz é homoxénea e suave. A barra conta con iluminación identificativa.

## SALÓN COMEDOR

### Localización e itinerarios

- Zona de comedor xunto ao momento de acceso, existe unha zona de mesas no interior comunicada por un corredor libre de obstáculos, que comunica tamén coa zona de aseos.

### Características

- O establecemento carece de equipamentos específicos para discapacidades visuais.
- A luz é homoxénea e suave.
- As mesas contan con cor contrastada

## Aseos

- Carecen de sinalización en braille e alto relevo
- A cor dos elementos non destaca con respecto a paredes e chan.
- En caso de emerxencia, a alarma é visual, non existe indicación en aseos.

## ACCESIBILIDADE AUDITIVA

### BAR

- O establecemento carece de equipamentos específicos para discapacidades auditivas.

### SALÓN COMEDOR

- Dispón de carta escrita con letra de pequena dimensión.
- Non dispoñen de persoal signante.

### ASEO

- Están sinalizados mediante texto e pictograma.
- Na cabina, o pasador fixo non ten un sistema exterior indicando estado de libre ou ocupado.
- A porta non ten a parte inferior libre para ver se hai alguén dentro da cabina.
- En caso de emerxencia, non conta con sistema de alarma visual.

## OUTRAS ESTANCIAS E SERVIZOS

ESTANCIA	LOCALIZACIÓN	ITINERARIO	CARACTERÍSTICAS
Terraza			<p>Terraza exterior na beirarrúa xunto á zona de acceso.</p> <p>Mesas cadradas de catro patas, cunha altura superior de 73cm e inferior de 70. O ancho libre non permite un correcto achegamento a usuarios de cadeira de rodas.</p> <p>Dispón de toldos fixos con postes ancorados ao chan.</p>